

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN VENANCIO SALCINES PARA A COORDINACIÓN DA ESTRATEXIA DE DINAMIZACIÓN DOS VIVEIROS INDUSTRIAIS DOS PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS E O IMPULSO DOS EXISTENTES NAS PROVINCIAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA

No lugar e data indicados na sinatura dixital (25.03.2024)

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en nome e representación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, na súa calidade de conselleira, segundo nomeamento recollido no Decreto 67/2023, de 14 de xuño, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (DOG núm. 126, do 4 de xullo), en vigor mentres non se proceda ao desenvolvemento da estrutura que contén o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, _____ da Fundación Venancio Salcines, con sede na rúa _____, NIF _____, en nome e representación como presidente do padroado da dita entidade segundo acordo adoptado o 28 de setembro do 2016, elevado mediante escritura pública outorgada ante a notaría de Culleredo, _____, o 30 de setembro de 2016, co número da súa orde de protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio, entre outras, de funcións en materia de promoción e dinamización da economía, impulso e coordinación da política económica e industrial, apoio ao sector empresarial e mellora da competitividade das empresas, incidindo na transformación dixital empresarial e na sostibilidade industrial, así como as relativas a enerxía, investigación, desenvolvemento e innovación.

Segundo.- Que o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación dispón a creación da Secretaría Xeral de Industria como novo órgano de dirección, ao que se lle atribúen, entre outras, as seguintes funcións: o desenvolvemento, a promoción e coordinación da política industrial dentro da Comunidade Autónoma de Galicia en colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia; a identificación das actividades industriais que, pola súa relevancia no ámbito tecnolóxico, innovador ou potencial para xerar cadeas de valor competitivas, concentran as oportunidades de negocios futuros; a interlocución, no ámbito industrial, cos diferentes axentes económicos e sociais con representatividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia; e o impulso do desenvolvemento de infraestruturas en parques empresariais, así como o fomento do desenvolvemento de novas actividades industriais

e, en xeral, calquera actuación de promoción e execución de actuacións de modernización e dotación de servizos avanzados no solo empresarial.

Terceiro.- Que, en liña coa competencia de identificación e desenvolvemento de novas actividades industriais, promoveuse por parte da Secretaría Xeral de Industria da Consellería de Economía, Industria e Innovación, a posta en marcha dunha estratexia de dinamización e consolidación dos viveiros industriais da Comunidade Autónoma de Galicia que facilite a atracción de proxectos industriais e se adapte ás peculiaridades e localización de cada viveiro. Para definir as medidas que conforman esta estratexia realizouse unha convocatoria de Manifestación de interese aberta en xullo do 2023 dirixida a identificar as mellores propostas e onde participaron diferentes entidades con experiencia contrastada neste ámbito. Como resultado, xurdiu a demanda de implantar unha estratexia de dinamización por provincias, coordinada transversalmente por unha única entidade, co fin de asegurar a coherencia das actuacións a realizar.

Cuarto.- Que a Fundación Venancio Salcines (en adiante Fundación) é unha entidade privada sen fins lucrativos que ten por obxecto estatutario impulsar a formación económico-financeira empresarial, promover a impartición de estudos superiores e formación de posgrado e desenvolver iniciativas de desenvolvemento social e asistencia social entre os máis desfavorecidos. Desde a súa creación, esta Fundación vén realizando un contacto continuado coas persoas e co tecido empresarial, tanto con empresas de ámbito local como internacional. Esta función colaborativa permítelles coñecer de primeira man os cambios sociais, económicos e culturais da nosa contorna socioeconómica.

Quinto.- Que a Fundación ten unha ampla experiencia e coñecemento dos sectores produtivos de Galicia e da súa realidade territorial, froito de diversos traballos e colaboracións coa Administración Autonómica para a elaboración de plans de dinamización, estratexias e estudos socioeconómicos dos espazos rurais de Galicia. Como resultado desta experiencia levan realizadas numerosas accións formativas dirixidas a persoas emprendedoras, programas de apoio á inserción laboral e emprendemento, eventos vinculados ao ecosistema emprendedor, feiras de emprego e numerosas actividades de acción social dirixidas a promocionar o desenvolvemento educativo, social e cultural de Galicia.

Todos estes proxectos teñen como nota común a realización dunha ampla caracterización e análise dos sectores económicos presentes nos territorios, a súa contribución ao PIB, a súa especialización produtiva, o emprego xerado en cada sector, as taxas de auto contención laboral en cada concello, así como as dinámicas demográficas presentes nos diferentes ámbitos territoriais, entre outras variables socio-económicas.

Sexto.- Que, en liña coa competencia de identificación e desenvolvemento de novas actividades industriais, promoveuse por parte da Consellería de Economía, Industria e Innovación, en colaboración coa Fundación, a posta en marcha da estratexia de viveiros industriais que ten como obxectivo o establecemento dunha rede de infraestruturas e servizos que acheguen valor engadido e permitan a implantación e fixación de novos proxectos industriais, constituíndo un apoio moi importante para as persoas promotoras nas súas primeiras etapas de actividade e contribuíndo ao éxito final do proxecto.

Sétimo.- Que entre os obxectivos desta colaboración haberá que desenvolver unhas liñas de traballo que estarán destinadas fundamentalmente a: fomento de sinerxías colaborativas tanto con outras redes existentes a prol do emprendemento como con outros actores empresariais e locais que teñan coñecemento da realidade socioeconómica do territorio; reforzo das medidas de información e difusión dos viveiros industriais co fin de atraer novas inversións e captar proxectos de interese que encaixen no ecosistema industrial de cada viveiro; prestación de servizos de apoio que favorezan a implantación industrial; posta en marcha de medidas de especialización do viveiro; e a mellora das estruturas operativas dos viveiros que incidan directamente na dinamización industrial.

Oitavo- Que a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, contempla no seu artigo 19.4, a) a concesión directa de subvencións previstas nominativamente nos presupostos xerais da comunidade autónoma; así, o convenio coa Fundación Venancio Salcines para desenvolver a coordinación e dinamización dos viveiros industriais atópase nominativamente recollido na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. Neste mesmo senso, exprésanse os artigos 36.a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- En virtude do anterior, e acreditado que a Fundación cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a concesión dunha axuda por parte da Consellería de Economía, Industria e Innovación á Fundación para o financiamento das actuacións dirixidas a coordinar a estratexia de viveiros industriais dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a dinamizar e consolidar os viveiros activos, inactivos e en construción sitos nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Os obxectivos principais que se perseguen con estas actuacións son os seguintes:

- ◆ Fortalecer a capacidade emprendedora creando un ambiente axeitado para o desenvolvemento industrial.
- ◆ Favorecer a reindustrialización e promover o desenvolvemento económico no eido local.
- ◆ Atraer e facilitar a implantación de novos proxectos industriais.
- ◆ Aumentar a taxa de supervivencia das empresas durante os seus primeiros anos de vida minimizando os custos ao inicio da súa actividade.
- ◆ Xerar emprego de calidade baseado no desenvolvemento de ideas de negocio que enriquezan as cadeas de valor das actividades industriais.

Segunda.- Actividades a desenvolver

A Fundación e a Consellería de Economía, Industria e Innovación levarán adiante a estratexia de dinamización e consolidación de viveiros industriais que se concretará a través das seguintes actuacións enmarcadas dentro das actividades de coordinación e dinamización que levará a cabo a Fundación.

1. Actividade de coordinación:

- Deseñar, programar e pór en marcha unha estratexia de comunicación para difundir a figura dos viveiros industriais en Galicia. Debe ir dirixida ao tecido industrial galego, ás persoas emprendedoras, a axentes dinamizadores do ámbito local e empresarial, a centros formativos, universidades e a calquera outro destinatario identificado como público obxectivo. Esta estratexia debe ser validada desde a Secretaría Xeral de Industria.
- Articular un protocolo de asesoramento para as empresas acollidas nos viveiros industriais, co fin de unificar criterios procedimentais comúns para as catro provincias galegas. Neste protocolo teranse en conta as recomendacións realizadas desde as catro unidades dinamizadoras provinciais e elaborárase un documento final consensuado que será entregado á Secretaría Xeral de Industria.
- Programar e impartir webinarios e/ou charlas dirixidas a mellorar as competencias profesionais do persoal asesor integrado nos viveiros industriais, e como medida dirixida a explicar a sistemática do protocolo de asesoramento.
- Programar e impartir webinarios e/ou charlas de emprendimento industrial dirixidos ás persoas emprendedoras que están acollidas nos viveiros. Os contidos destas accións formativas fundamentaranse nas necesidades detectadas desde a Fundación e serán validados pola Secretaría Xeral de Industria.
- Coordinar e fomentar a implantación da rede colaborativa dos viveiros implantados nas catro provincias galegas. Paralelamente, irase articulando unha base de datos de contactos que será posta a disposición da Secretaría Xeral de Industria e que servirá como fonte de información necesaria para poder articular futuras liñas de colaboración.
- Analizar os informes trimestrais de situación elaborados polas entidades dinamizadoras para poder aplicar as medidas correctivas que sexan necesarias para potenciar os viveiros activos, impulsar os inactivos e tomar contacto nos territorios que acollen os viveiros en construción. Toda esta información será compartida e valorada coa Secretaría Xeral de Industria.

2. Actividade de dinamización nas provincias da Coruña e Pontevedra:

- Colaborar no desenvolvemento das actividades de difusión programadas nestas provincias, participar na elaboración do protocolo de asesoramento, ou en calquera outra actividade proposta polo persoal técnico da propia Fundación encargado das tarefas de coordinación da estratexia de dinamización de viveiros.
- Proporcionar apoio personalizado ás empresas acollidas nos viveiros destas provincias impulsando o seu proxecto e reforzando as oportunidades de mellora. Este apoio realizarase de xeito integral, tanto na fase de preincubación para a elaboración do plan de negocio, como nos trámites de constitución e posterior fase de incubación.

- Apoiar e asesorar para a busca de recursos de financiamento, tanto públicos como privados, para o desenvolvemento dos proxectos de emprendemento industrial.
- Realizar análises do grao de especialización industrial existente en cada área empresarial que sirvan como punto de partida para impulsar a posta en marcha de medidas que propicien a especialización industrial dos viveiros.
- Realizar actuacións dirixidas a captar novos proxectos industriais que sirvan para xerar sinerxías dentro do ecosistema industrial local e que fomenten, dentro do posible, a especialización industrial.
- Establecer unha rede colaborativa para os viveiros industriais das provincias a través de networking ou de calquera outra actuación cun fin similar. Deberá estar integrada por entidades empresariais, axentes de desenvolvemento local, tecido industrial, outras iniciativas privadas ou públicas que poidan ter a consideración de viveiros industriais e redes existentes a prol do emprendemento postas en marcha desde a Xunta de Galicia: Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego, Axenda de Impulso ás Startup ou os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), entre outros.
- Realizar informes trimestrais da situación dos viveiros existentes, relatando as medidas de dinamización aplicadas en cada un deles e os resultados acadados. Esta información debe ser dirixida ao persoal técnico da propia Fundación encargado das tarefas de coordinación.

Terceira.- Obrigas da Consellería de Economía, Industria e Innovación

1. Colaborar no desenvolvemento daquelas iniciativas e accións vinculadas ao obxecto do convenio para asegurar o seu cumprimento.
2. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula segunda, ata a contía máxima que se recolle na cláusula quinta.
3. Supervisar que as actividades sexan desenvolvidas de acordo coas estipulacións do presente convenio e ditar as instrucións que se estimen precisas para a referida colaboración.

Cuarta.- Obrigas da Fundación Venancio Salcines

1. Desenvolver as actividades obxecto do convenio, seguindo as liñas de actuación establecidas na cláusula segunda, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas emprendedoras usuarias do programa.
2. A Fundación comprométese a utilizar os medios materiais e persoais cos que conta e os que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio, ademais dos coñecementos e experiencia previa para o deseño, organización e desenvolvemento das actuacións de coordinación, consolidación e dinamización de viveiros da Comunidade Autónoma de Galicia. O persoal asignado deberá contar coa cualificación, experiencia e dispoñibilidade necesaria para o desenvolvemento das actividades sinaladas na cláusula segunda e para a consecución do obxecto do convenio.

3. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 50% da contía total concedida. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Cando a actuación concertada con terceiros sobrepase do 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se celebre por escrito
- Que a celebración do mesmo se autorice previamente pola entidade concedente.

Non poderá fraccionarse o contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no parágrafo anterior.

A execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, só poderán concertarse si concorren as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais do mercado.
- Que se obteña a previa autorización do órgano concedente. Para recibir esta autorización deberá achegarse un informe acreditativo onde se xustifique que as actuacións obxecto de contrato se realizan a prezos de mercado.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, solicitaranse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores segundo o establecido na cláusula sexta. Dúas das tres ofertas presentadas deben de ser de entidades non vinculadas e, en caso de que a selección non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá de achegarse unha memoria xustificativa.

En materia de subcontratación, serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Con carácter previo á sinatura deste convenio e xunto coa solicitude de pagamento, deberá acreditar ante a Consellería de Economía, Industria e Innovación que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, no caso de que se opoña á consulta automatizada deses datos prevista na cláusula décimo sexta deste convenio. Así mesmo, debe acreditar que non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino dos fondos transferidos e facilitar a inspección e control dos órganos da Consellería de Economía, Industria e Innovación co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

6. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

7. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Consellería de Economía, Industria e Innovación.

8. Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Consellería de Economía, Industria e Innovación, en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio, coa utilización do correspondente logotipo identificativo, en virtude do disposto no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia.

9. Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.

10.- As restantes obrigas que resulten aplicables recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das cláusulas deste convenio.

Quinta.- Contía da achega económica e custo das actuacións

1. Para o desenvolvemento das actividades previstas no convenio, a Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará a cantidade máxima de trescentos noventa e cinco mil euros (395.000€), con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.732A.781.1 (código de proxecto 2024 0045) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 para o financiamento do obxecto do convenio, que establece unha subvención nominativa en favor da Fundación.

Código proxecto	Aplicación orzamentaria	2024	TOTAL
2024 0045	09.02.732A.781.1	395.000€	395.000€

2.- O custo total previsto das actividades obxecto do convenio detállanse a continuación por tipoloxía e concepto de gasto:

Tipoloxía de actividade	Tipoloxía de gasto subvencionable	Importe ano 2024	TOTAL
Actividade de coordinación	Gastos de persoal	184.000€	184.000€
	Subministracións	1.000€	1.000€
	Servizos	15.000€	15.000€
	Outros	70.133€	70.133€
	TOTAL	270.133€	270.133€
Actividade de dinamización	Gastos de persoal	80.000€	80.000€
	Subministracións	1.000€	1.000€
	Servizos	--	--
	Outros	43.867€	43.867€
	TOTAL	124.867€	124.867€
	TOTAL CONVENIO 2024	395.000€	395.000€

3.- Calquera modificación das cláusulas deste convenio deberá ser solicitada á Consellería de Economía, Industria e Innovación, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse levarase a cabo a súa formalización mediante a correspondente addenda, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior, e sen necesidade de instar o procedemento de modificación do convenio, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto e nas tipoloxías de actividade coa limitación do 20%, é dicir, admitirase como válido tanto o gasto da cantidade concedida para cada tipoloxía de actividade como o gasto das partidas de gasto contidas en cada unha delas máis un desvío producido como máximo do 20%, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características das actuacións.

Sexta.- Gastos subvencionables

Con carácter xeral, consideraranse subvencionables os gastos que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades obxecto deste convenio, estean directamente relacionados co obxecto das actuacións financiadas e se correspondan coas actividades relacionadas na cláusula segunda. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos deberán estar realizados e pagados entre o 1 de xaneiro do 2024 e o 15 de decembro do 2024. En relación cos gastos de persoal, e de acordo co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación acreditará, mediante certificación expedida ao efecto, os gastos correspondentes a actuacións efectivamente realizadas dentro do período de vixencia do convenio e dos que non existira a posibilidade de ser aboados antes da data límite prevista para a súa xustificación.

Os gastos axustaranse ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á sinatura do presente convenio. Se a elección entre as ofertas presentadas non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

Así mesmo, de conformidade co artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia os tributos son gastos subvencionables cando a persoa beneficiaria os aboa efectivamente. En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Sétima.- Obtención doutras subvencións ou recursos

En aplicación do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a percepción desta axuda será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos para as

mesmas finalidades, procedentes de calquera administración pública ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do importe finalmente xustificado.

En calquera caso, o importe da axuda a percibir en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras, supere o custo total do investimento que se considere subvencionable.

A Fundación deberá comunicar á Consellería de Economía, Industria e Innovación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio, así como a modificación das circunstancias que fundamentan a súa sinatura.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se teña coñecemento das anteriores circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos ou como declaración complementaria no caso de que se solicite un anticipo.

Oitava.- Xustificación e pagamento

1. A Fundación deberá presentar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas coa data límite do 15 de decembro de 2024. Toda a documentación incluída na xustificación presentase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. A contribución da Consellería de Economía, Industria e Innovación realizarase mediante pagamentos a conta. Estes pagos poderán supor a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

3. En calquera caso, e si o beneficiario así o solicita, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei, poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, quedando suxeitos ás seguintes condicións:

a) Poderase anticipar ata o 50% do importe da subvención concedida, sempre e cando non se supere o límite establecido no apartado 4 desta mesma cláusula. De ser así, habería que minorar a porcentaxe de anticipo para axustarse ao límite anterior.

b) A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada tras a xustificación da súa necesidade polo beneficiario.

4. O importe conxunto de pagos a conta e dos pagos anticipados, que no seu caso se tiveran concedido, non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Para estes efectos, a Fundación queda exonerada da constitución de garantías en aplicación do establecido no artigo 65.4.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro que traballa no ámbito da acción social promovendo o desenvolvemento educativo, social e cultural de Galicia. Dentro da súa actividade de acción social, conta cun banco de alimentos dirixido á protección de colectivos desfavorecidos, en particular, á protección de familias con membros en situación de desemprego de longa duración.

5. A Fundación xustificará a totalidade da contribución efectuada pola Consellería de Economía, Industria e Innovación, mediante os seguintes documentos:

a) Declaración responsable do representante legal da entidade ou da persoa que teña atribuídas as facultades para o rendemento da conta xustificativa, de que non existe ánimo de lucro e do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

b) Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa, segundo modelo recollido no Anexo I, que inclúa o seguinte:

- Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas, asinada polo representante da actividade, onde se describa o cumprimento dos obxectivos previstos e na que se describan de xeito individualizado as distintas accións desenvolvidas, produtos elaborados e as incidencias máis significativas no marco deste convenio. Nos casos nos que sexa posible, empregaranse indicadores obxectivos para medir o impacto logrado a través de cada acción.

Esta memoria debe de entregarse en formato editable e incluír os seguintes produtos finais: o deseño da estratexia de dinamización, o protocolo de asesoramento, a base de datos de contactos da rede colaborativa dos viveiros; e, polo seu papel como dinamizador, un informe da situación final de cada viveiro das provincias da Coruña e Pontevedra.

No caso das accións nas que se elabore documentación, materiais gráficos, folletos, fotografías ou calquera outro material en formatos analóxicos e dixitais, xuntarase unha copia dos mesmos ou a ligazón a webs e outros espazos virtuais relevantes nos que poida acreditarse a súa existencia.

- Memoria económica abreviada xustificativa do custo das actuacións realizadas ao abeiro deste convenio, que conterá unha relación detallada dos gastos realizados de acordo aos modelos establecidos nos cadros 1 e 2 do Anexo I, con identificación do acredor/a e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, acompañada das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, así como dos documentos acreditativos dos gastos efectivamente pagados antes da finalización do período de xustificación.

No caso de non achegarse os orixinais, acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

A xustificación do pagamento dos gastos subvencionables deberá acreditarse mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco, acreditativos dos pagamentos polos servizos realizados. Non se admiten os pagos en efectivo.

En ningún caso serán admisibles os pagamentos xustificados mediante recibo do proveedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto ao que se refiren. No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, achegarase unha relación detallada das mesmas na que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas ditas facturas.

Para o suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento estipulado por parte da Consellería de Economía, Industria e Innovación, diminuírase do pagamento a parte non xustificada.

c) Declaración complementaria do conxunto de axudas, ingresos ou recursos percibidos, de ser o caso, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais para financiar as mesmas actuacións previstas no convenio. A declaración presentada acompañarase do Anexo II.

d) En caso de oposición expresa a que a Consellería de Economía, Industria e Innovación poida realizar as consultas polos seus propios medios, a Fundación deberá de presentar as certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

e) Declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE). De conformidade co artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria os aboa efectivamente, neste caso, a Fundación acreditará esta condición mediante unha declaración responsable do representante da entidade.

f) Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

Unha vez comprobada a realización das actuacións previstas no convenio, expedirase certificado acreditativo da verificación realizada e tramitarase o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula quinta deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade inicialmente prevista, procederá o pagamento na contía que sexa obxecto de xustificación.

6. A Fundación responsabilizarase da veracidade dos documentos presentados.

7. En todo caso, a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Secretaría Xeral de Industria, resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

8. A Fundación manterá a disposición da Consellería de Economía, Industria e Innovación ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

Novena.- Perda do dereito ao cobramento e reintegros

1. Segundo o disposto no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, producirase a perda do dereito da Fundación ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da antedita Lei que resulten aplicables.

2. Procederá ao reintegro parcial ou total das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes, de conformidade co procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, nos supostos establecidos no artigo 33 da antedita Lei que resulten aplicables.

Décima.- Comisión de seguimento

Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión paritaria, formada por dous/dúas representantes de cada parte asinante. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Así mesmo, esta comisión supervisará a programación das accións concretas ás que se refire o convenio e avaliará e controlará as actividades realizadas.

A comisión reunirse en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste convenio. Así mesmo, reunirse tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

O/A presidente/a da Comisión, que será un dos representantes da Consellería de Economía, Industria e Innovación, terá voto dirimente.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Undécima.- Extinción do convenio e causas de resolución

1. Este convenio extinguese por cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

2. Son causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio, así como o incumprimento de calquera das cláusulas e obrigas establecidas nel.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

De resolverse o convenio, a Consellería de Economía, Industria e Innovación poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Duodécima.- Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención instrumentalizada no presente convenio dará lugar á súa modificación, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei; e, en particular cómpre estar ao disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, segundo o cal *“Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira”*.

Décimo terceira.- Publicidade da subscrición do convenio

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía, Industria e Innovación publicará no *Diario Oficial de Galicia*, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión aos órganos competentes da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

A Fundación deberá subministrar toda a información necesaria para que a Consellería de Economía, Industria e Innovación poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Décimo cuarta.- Propiedade intelectual

A documentación xerada como consecuencia da execución deste convenio será propiedade conxunta da Fundación e a Consellería de Economía, Industria e Innovación. Na medida en que a mesma sexa susceptible de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no artigo 7 do Texto refundido da propiedade intelectual, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes á documentación elaborada será da Fundación e da Consellería de Economía, Industria e Innovación por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable.

Décimo quinta.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo sexta.- Autorizacións

A Fundación consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Consellería de Economía, Industria e Innovación, con sede no complexo administrativo de San Caetano s/n, 15704, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á Consellería de Economía, Industria e Innovación para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Décimo sétima.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e esténdese ata o 31 de decembro do 2024. Consonte ao recollido na cláusula sexta, admitiranse as actividades levadas a cabo desde o 1 de xaneiro do 2024.

Décimo oitava.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

1.- Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2.- Este convenio rexerase polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3.- En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 21 de xullo, e do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas demais normas de dereito administrativo.

4.- As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Consellería de Economía, Industria e Innovación, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativo para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio electronicamente, tomando como data de sinatura a do último asinante.

A Conselleira de Economía, Industria e Innovación

Pola Fundación Venancio Salcines

ANEXO I

MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA DA APLICACIÓN DOS FONDOS CONCEDIDOS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN VENANCIO SALCINES PARA A COORDINACIÓN DA ESTRATEXIA DE DINAMIZACIÓN DOS VIVEIROS INDUSTRIAIS DOS PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS E O IMPULSO DOS EXISTENTES NAS PROVINCIAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA

D., como representante da Fundación Venancio Salcines, con NIF enderezo en e beneficiario do Convenio de Colaboración coa Consellería de Economía, Industria e Innovación por un importe de €, declara baixo a súa responsabilidade ter realizado un gasto por importe de€ e, en cumprimento do disposto na cláusula oitava do devandito convenio, rende ante a dita Consellería a conta xustificativa do gasto realizado composto por unha Memoria de Actuacións que se acompaña e unha Memoria Económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas que se acompaña e que inclúe os Cadros 1 e 2.

En , a de de 2024

CADRO 1: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS (AGÁS PERSOAL PROPIO)

Nome do beneficiario:

NIF do beneficiario:

Orzamento subvencionable:

Actividade:

REF. (1)	Concepto de gasto (2)	Descrición de gasto (3)	Provedor	N.I.F. Provedor	Nº Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (4) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
....											
TOTAL PÁXINA											

- (1) Achegaranse os documentos segundo esta orde de referencia.
- (2) Indicar o concepto de gasto ao que se refire: subministracións/servizos/outros.
- (3) Incluirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputado.
- (4) IVE non repercutible soportado polo beneficiario

Sinatura representante legal e selo da entidade beneficiaria

CADRO 2: RELACIÓN DE GASTOS DIRECTOS: GASTOS DE PERSOAL PROPIO

Nome do beneficiario:

NIF do beneficiario:

Orzamento subvencionable:

Actividade:

DATOS DO PERSOAL PROPIO				GASTO PERSOAL PROPIO IMPUTADO AO CONVENIO (ANUAL)									PAGO XUSTIFICADO		
REF. (1)	Nome e apelidos	DNI	Posto de traballo (2)	Data de inicio (3)	Data final (3)	Nº total de horas anuais por contrato (4)	Salario bruto (5)	Custo SS a cargo da empresa	Salario bruto + custo SS a cargo da empresa	Custo hora (6)	Nº horas imputadas á actividade	Custo total imputado á actividade (7)	Período de imputación do pago a xustificar (8)	Nº horas imputadas no pago a xustificar (9)	Custo imputado no pago a xustificar (10)
1															
2															
3															
4															
...															
TOTAL PÁXINA															

- (1) Achegaranse os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Indicar o posto de traballo da persoa
- (3) Período de tempo dedicado á actividade (indicar a data inicio e a data fin)
- (4) Horas anuais do empregado segundo o contrato de traballo
- (5) Salario bruto (antes de ningunha dedución)
- (6) (Salario bruto + Seguridade Social a cargo do beneficiario)/nº de horas totais efectivas (traballadas) no ano
- (7) Custo hora*Nº horas imputadas á actividade
- (8) Período temporal no que se desenvolve a actividade que xera o pago que se xustifica.
- (9) Nº de horas imputadas na actividade que xeran o pago que se xustifica
- (10) Nº de horas imputadas no pago a xustificar* custo hora

Sinatura representante legal e selo da entidade beneficiaria

ANEXO II

En relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para as mesmas actuacións obxecto deste convenio.
- ☐ Solicitou outras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio.
- ☐ É beneficiario doutras axudas para as actuacións que son obxecto deste convenio. Relación de axudas solicitadas e concedidas

Actividade para a que se solicita ou concede a axuda (1)	Organismo que concede a axuda	Ano	Axuda solicitada (2)	Axuda concedida (2)	Importe subvencionable (€)	Porcentaxe de concesión	Axuda concedida (€)	Data de concesión	Disposición reguladora

Así mesmo, a partir da data desta declaración, comprométome a comunicar as axudas que obteña e/ou solicite para as mesmas actuacións.

- (1) Especificaranse todas as actividades obxecto deste convenio.
- (2) Sinala o que proceda

Nome, apelidos e sinatura do representante legal e selo da entidade beneficiaria